



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 822 Semana do 25 de febreiro ao 3 de marzo de 2019

MÁIS DE 200 DELEGADOS E DELEGADAS PROCEDENTES DE TODA GALICIA PARTICIPARON ESTE MARTES EN SANTIAGO NA ASEMBLEA CONVOCADA POR UGT

A SOCIEDADE TEN A OPORTUNIDADE DE RESPONDER ESTE 8 DE MARZO PORQUE A DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES É A MAIOR DESIGUALDADE ENTRE OS SERES HUMANOS

Os secretarios xerais de UGT-Galicia e FeSMC e a secretaria de Igualdade coincidiron en que o Goberno ten que ser valente e derrogar os aspectos máis lesivos das reformas laborais e da de pensións

Redacción.- Máis de 200 delegados e delegadas procedentes de toda Galicia participaron este martes na asemblea convocada por UGT en Santiago, enmarcada no conxunto de actos e asembleas que o Sindicato está a facer en todo o Estado dentro da campaña “Máis feitos e menos palabras” na senda da recuperación de dereitos para a cidadanía. Tanto os secretarios xerais de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, como o de FeSMC, Miguel Ángel Cilleiros, e a responsable de Igualdade, Xuventude e Movementos Sociais do Sindicato en Galicia, Mónica Rodríguez, orientaron as súas intervencións de cara á vindeira data reivindicativa que está no calendario, o 8 de Marzo, Día internacional da muller. Data na que UGT, como sucedeu o ano pasado, vai convocar unha folga de, polo menos, dúas horas por quenda, e chama á participación nas mobilizacións que se convoquen.

Na súa intervención, Mónica Rodríguez incidiu nas dificultades que teñen as mulleres para acceder ao mercado laboral e nas discriminacións que sofren cando permanecen neste que arrastran no futuro cando vense na obriga de acceder a unha prestación por desemprego ou cando lles chega a hora da xubilación.

O mercado laboral feminino está máis precarizado, as mulleres galegas sofren unha brecha salarial dun 23%, menores taxas de actividade, menores taxas de ocupación e maiores taxas de desemprego, precariedade e parcialidade, sobre todo, involuntaria. Agora que chega a recuperación ás mulleres se lles pon máis difícil subir a este tren porque, evidentemente, os gobernos non fixeron ben as cousas.



O 8M debe ser un grito á dereita machista

Mónica Rodríguez acusou á dereita deste país de ser verdadeiros instigadores do machismo e de que perden demasiado tempo en intentar atentarse contra os dereitos das mulleres. Por iso, o 8M debe ser un grito á dereita machista. Afirmou que “nós non lle imos consentir a Casado que lle bote a culpa dos problemas deste país ás mulleres”. Á dereita aínda non lle quedou claro que as mulleres non son máquinas de procreación e que son elas as que deciden se queren ter fillos. As administracións o que deben facer é procurar que se dean as condicións axeitadas para tomar esta decisión. En canto ás afirmacións que se están a facer co obxecto de retrotraer a lexislación sobre o aborto, de ser así, “a dereita vai atoparse con UGT que non o vai consentir”.

A responsable de Igualdade de UGT-Galicia considera unha mágoa que en pleno século XXI aínda haxa per-

soas neste país que entendan que ser muller e querer acceder ao mercado laboral con iguais dereitos non é posible. O Sindicato debe loitar contra este xeito de pensar todos os días.

A violencia machista é unha expresión máis desta desigualdade e UGT vai estar sempre aí para esixir que non se pode mirar cara outro lado.

O 8M “todos e todas debemos saír á rúa porque é necesario, é de xustiza social, e para reclamar vontade política para que a situación cambie”. E ás veces hai ben pouca. Mónica Rodríguez explicou como o Parlamento galego xa aprobou a proposta de que no 2010 se remate en Galicia coa brecha salarial pero estamos no 2019 e aínda non hai nin unha soa medida enriba da mesa. Este é un exemplo da falta de vontade.

O eido dos servizos públicos é outro dos focos nos que non se poden admi-

Continúa na páxina seguinte...

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

...vén da páxina anterior.

tir máis recortes porque son básicos, uns servizos públicos de calidade, para que a muller se poida incorporar ao eido laboral en igualdade de condicións.

De cara á negociación colectiva demandou aos delegados e delegadas que estean vixiantes e que leven a igualdade a cada unha das áreas nas que traballen.

Relatou unha serie de demandas que deben implementarse xa, a aplicación efectiva do IV AENC debe levar a un salario mínimo de convenio de 1.000 euros que, ao igual que o SMI de 900, beneficiará a todos os traballadores pero, sobre todo, ás mulleres; hai que aprobar a Lei de igualdade salarial xa; reforzar o traballo da Inspección nunha vixilancia firme para que a igualdade entre homes e mulleres nas relacións laborais sexa real; que todas as empresas teñan plans de igualdade, incluídas as de menos de 50 traballadores; e garantir a representatividade paritaria nos órganos de decisión, entre outras medidas.

Máis feitos e menos palabras

Pola súa banda, José Antonio Gómez reclamou “máis feitos e menos palabras” porque chegou o momento de que a recuperación chegue a todos, tamén aos traballadores e de que se reparta a riqueza.

Incidiu en que os Presupostos Xerais do Estado foron unha oportunidade perdida, os primeiros dende o ano 2009 que garantían un cambio de ciclo, camiñaban na recuperación de dereitos e incrementaban o gasto social. En definitiva, apostaban por un reparto máis xusto da riqueza.

Pero non se aprobaron, perdeuse a oportunidade de crear un espazo de entendemento, a dereita máis reaccionaria uniuse ao independentismo tamén máis reaccionario.

UGT non vai entrar neste xogo da confrontación que algúns pretenden manter porque en nada beneficia aos traballadores e ás traballadoras “que

son o noso Estado”.

Chegado este punto, o Goberno ten que ser valente, cumprir co prometido e decretar porque non lle deixaron outra saída. Ten que derrogar os aspectos máis lesivos da reforma laboral, devolverlle a primacía aos convenios sectoriais, a ultraactividade dos convenios e o control horario. Tamén ten que modi-



ficar a reforma das pensións de 2013 e sen rubor porque o PP xa a impuxo sen consenso de ningún tipo.

Outros aspectos sobre os que xa se tería que ter lexislado é a Lei Mordaza, o subsidio para maiores de 52 anos ou a ILP sobre a renda básica.

UGT vai seguir incrementando a presión porque considera que aínda hai tempo. É o momento de que o Goberno faga e recollerá os froitos no futuro.

Emprazou aos delegados a que lembren os 130 anos de historia da UGT, que continúa co seu compromiso para acabar coa falta de ética que impera, porque os delegados e delegadas son o mellor que ten o Sindicato.

Xa, por último, Miguel Ángel Cilleros lamentou que no 2019 aínda “teñamos que seguir insistindo na igualdade das mulleres e convencendo a unha parte da sociedade que aposta por retrotraer os dereitos das mulleres, polo menos, a hai dúas xeracións”.

Criticou as palabras de Casado que considera ás mulleres como máquinas

de reproducir, ou que se dirixa aos maltratadores como persoas que actúan mal, non, señor Casado, son maltratadores. Dirixiuse a Casado e aos seus seguidores e pediulles que deixen ás mulleres que decidan. E, neste senso, apelou a que a sociedade responda a todos estes ataques este 8 de Marzo mobilizándose.

UGT así o vai facer porque o Sindicato leva moitos anos identificando no eido laboral os problemas que afectan ás mulleres e buscando solucións no laboral e no político.

Insistiu en que a brecha salarial é máis que o salario, son os problemas de promoción aos que se enfrontan as mulleres, son os problemas de conciliación..... Neste senso, a CEOE non pode irse gratis deste 8M, terá que xustificar por que non cumpre o que asina, como se atreve a mendigar os 900 euros de SMI cando están a ter beneficios continuos e están nunha senda de crecemento. Que llo expliquen aos traballadores.

Tamén afirmou que a desigualdade entre homes e mulleres é a maior desigualdade entre os seres humanos porque non se pode esquecer que as mulleres representan máis do 50% da sociedade. E se unha sociedade esquece os dereitos de máis da metade da súa poboación ten un serio problema e UGT non o vai consentir. A utopía ten que converterse xa en realidade, temos que traballar todos nesta senda.

UGT CHAMA A SECUNDAR A FOLGA ESTE 8M E PARTICIPAR NAS MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS PORQUE A SOCIEDADE NON ESTÁ DISPOSTA A DAR UN PASO ATRÁS EN MATERIA DE IGUALDADE

Redacción.- UGT convoca ante un novo 8 de Marzo, unha folga xeral, porque ante a situación que estamos a vivir, é fundamental seguir visibilizando, reivindicando e loitando contra as fendas e discriminacións que, por razón de xénero, seguen a existir en todos os eidos da vida, e particularmente no mercado laboral en Galicia, así como pola urxencia de dar resposta ás demandas e as necesidades das traballadoras.

Ataque aos dereitos das mulleres

Estamos nun momento en que a igualdade de trato e de oportunidades e os dereitos das mulleres están a ser atacados polo rexurdimento de pensamentos reaccionarios, cuxo obxectivo é eliminar os avances acadados. Ante esta situación, consideramos que nos atopamos nun momento decisivo, porque as violencias machistas non cesan e son necesarios avances no marco do diálogo social e impulsar a negociación colectiva para poñer en marcha medidas e plans de igualdade, para acabar coas fendas de xénero (en especial, a salarial), para poder exercer a corresponsabilidade nos coidados, para unha educación igualitaria e feminista e para avanzar na representación paritaria. Á vista desta situación, convocamos folga xeral o próximo 8 de marzo e reivindicamos:

Reivindicacións

Medidas efectivas para eliminar as brechas laborais de xénero, en especial a brecha salarial e a precariedade no emprego.

Medidas efectivas para a corresponsabilidade e servizos públicos de calidade de conciliación, para que os coidados se repartan equitativamente entre mulleres, homes, a sociedade e o Estado.

Dignificar o traballo doméstico e equiparalo laboralmente.

Acabar coa segregación laboral e a desvalorización social dos sectores feminizados.

Conseguir un sistema de protec-





8 de marzo de 2019. Día Internacional da Muller

CONCENTRACIÓNS		
HORA	LOCALIDADE	LUGAR
11:00	CORUÑA	DIANTE DO CHUAC
12:00	CORUÑA	ESQUINA R/NEWTON CON AVDA. FINISTERRE
12:30	FERROL	PRAZA DA CONSTITUCIÓN
12:00	COMPOSTELA	PRAZA DO OBRADOIRO
12:00	LUGO	OFICINAS ADMINISTRATIVAS DO CONCELLO
11:30	OURENSE	SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO
13:00	PONTEVEDRA	PRAZA DA FERRERÍA
12:00	VIGO	VÍA NORTE CRUCE CON URZAIZ

MANIFESTACIÓNS		
HORA	LOCALIDADE	LUGAR
20:00	BURELA	ESTACIÓN DO TREN
19:30	SAN CIBRAO	PORTO CARA A BURELA
18:00	VICEDO	PORTO CARA A BURELA
20:30	VILALBA	PRAZA CONSTITUCIÓN
20:00	CARBALLO	XULGADOS
19:30	CUNTIS	CENTRO DE SAÚDE
20:30	VILAGARCÍA	PRAZA GALICIA
17:00	XOVE	LOCAL BOLBORETAS
19:30	CORUÑA	PRAZA OBELISCO
19:30	FERROL	EDIFICIO DA XUNTA (PRAZA DE ESPAÑA)
20:00	COMPOSTELA	PRAZA 8 DE MARZO
20:00	OURENSE	SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO
20:00	PONTEVEDRA	PRAZA HOSPITAL
20:00	VIGO	PRAZA DOS CABALOS (PRAZA DE ESPAÑA)

ción social igualitario que garanta a equidade en condicións de vida das mulleres.

Previr a feminización da pobreza, lograr unha Renda Mínima Garantida e melloras do SMI e dos soldos, acabando coa brecha salarial nas pensións.

Lograr a igualdade en recoñecemento e representación.

Lograr unha educación igualitaria,

feminista, de calidade, libre de lgtbfo-bia, que eduque en corresponsabilidade, sen segregación académico-laboral, que utilice unha linguaxe inclusiva e igualitaria.

Por un consumo respectuoso e sustentable, que non supoña custos ambientais á sociedade, cuns modos de produción que respecten dereitos e condicións laborais.

Continúa na páxina seguinte...

Políticas de igualdade eficaces

Políticas de igualdade eficaces, con estruturas estables e do máis alto rango na xerarquía institucional, con recursos suficientes, persoal cualificado, programas realistas, e con orzamentos proporcionais á magnitude dos problemas que enfrontan.

Partidas orzamentarias suficientes nos PXE

Partidas orzamentarias suficientes nos PXE destinadas aos programas de igualdade e contra a violencia de xénero, atendendo ás recomendacións do informe do CE-DAW e as obrigas do Convenio do

Consello de Europa sobre prevención da violencia contra as mulleres (Istambul 2011).

Condenamos todas as formas de violencia machista, cuxa expresión máis brutal, repulsiva e intolerable son os asasinatos das mulleres polo feito de ser mulleres; as agresións sexuais; o acoso sexual e o acoso por razón de sexo, que de forma cotiá sofren mulleres e nenas; así como todas aquelas outras formas de violencia contra as mulleres en todos os ámbitos, no fogar, na rúa e no traballo.

Condenamos todas as formas de desigualdade e discriminación que padecen as mulleres: no acceso ao emprego, na segregación ocupacional, nas condicións laborais (maior precariedade, desigualdade salarial, a perpetuidade de medidas ineficaces que non garanten a correspon-

sabilidade e a conciliación); a ausencia de recoñecemento do traballo non remunerado e remunerado e a carencia dun sistema de protección social igualitario.

Sumaremos forza sindical este 8 de Marzo

Por iso, este 8 de Marzo sumaremos forza sindical nunha xornada de mobilización masiva, reivindicativa e de confluencia civil e social, mediante unha folga con vontade incluída, solidaria e feminista.

Por estes motivos facemos un chamamento as traballadoras e traballadores a secundar a convocatoria de folga e a participar activamente nos actos, mobilizacións e manifestacións convocadas con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

ROGELIA MARIÑA FOI PRESIDENTA DO COMITÉ DE EMPRESA DE SARGADELOS E DESPEDIDA POLO “DELITO” DE DEFENDER AOS SEUS COMPAÑEIRAS

O TSXG CONFIRMA A NULIDADE DO DESPEDIMENTO DE ROGELIA MARIÑA

A sentenza confirma que o administrador único de Sargadelos, Segismundo García, ten que responder solidariamente no abono da indemnización de 30.000 euros a Rogelia Mariña

Redacción.- O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ven de emitir unha sentenza na que confirma a nulidade do despedimento da que fora presidenta do Comité de Empresa de Sargadelos, Rogelia Mariña.

Rogelia foi despedida por un único “delito”, defender aos seus compañeiros e compañeiras. Despois de moitos sacrificios laborais nunha época difícil para Sargadelos, e cando a fábrica empezaba a remontar, Rogelia esixiu, nin máis nin menos, o cumprimento do convenio colectivo en todos os seus termos e condicións. É dicir, foi despedida por cumprir coas obrigacións que implica o seu cargo sindical, como delegada electa de UGT na empresa.

Este despedimento foi considerado nulo polo Xulgado do social que condenou á empresa a indemnizar a Rogelia con 30.000 euros por danos morais. A partir deste momento as ameazas e coaccións sucédense e, non só cara ela, senón tamén cara outros compañeiros.

Segismundo García mesmo chegou a acusar a Rogelia e á UGT de causar quebranto á empresa por un millón de euros e coaccionou ao persoal cun proceso de despedimentos -algúns deles levounos a cabo- e ameaza de peche se Rogelia non desistía na súa defensa dos dereitos dos

seus compañeiros e compañeiras. O medo a perder o posto de traballo levou a boa parte do persoal a asinar un documento bochornoso e Rogelia foi revogada como delegada.

Todo isto levou ao Sindicato a desenvolver unha campaña en defensa da dignidade de Rogelia e contra a persecución sindical en Sargadelos, cuxa máxima expresión foi unha multitudinaria manifestación en Cervo o pasado 23 de novembro na que participaron cadros e delegados do Sindicato procedentes de toda Galicia e doutras partes do Estado e a propia Comisión Executiva Confederal, co seu secretario xeral, Pepe Álvarez, á cabeza.

É significativo que a sentenza confirma novamente que Segismundo García ten que responder solidariamente, xunto coa



mercantil, do abono a Rogelia Mariño de 30.000 euros de indemnización, polo que UGT solicitará do Xulgado que Segismundo García proceda ao pago desta indemnización do seu peto.

Lembramos tamén que UGT ten interpostas outras demandas de tutela de liberdade sindical e varias demandas por outros traballadores e traballadoras que foron despedidos arbitrariamente pola empresa para forzar a imposición da revogación de Rogelia Mariña como representante das súas compañeiras.

OS TRABALLADORES DE POLIGAL MOBILÍZANSE POLA CONTINUIDADE DA FACTORÍA E O MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO

Redacción.- O pasado día 22 Poligal presenta un concurso de liquidación para a factoría de Narón que acabaría cos 114 postos de traballo directos e máis de 60 indirectos, castigando a todas estas familias e a unha comarca que atravesará xa dende hai moitos anos importantes mermas no eido laboral e unha progresiva perda do tecido produtivo e industrial.

Dende UGT-FICA-Ferrol denuncian que esta situación é froito dunha política seguida pola empresa xa dende o ano 2008 de descapitalización empresarial, cunha deslocalización de libro a favor das factorías de Portugal e Polonia. Neste caso, coa usurpación á factoría de Narón da marca e patentes.

A reacción do Comité de empresa de Poligal foi inmediata, o propio venres cunha concentración diante da fábrica, o sábado diante do Concello de Narón, o luns mantiveron unha reunión coa subdelegada do Goberno e, dentro desta liña de busca de apoios no eido institucional e político, o mércores, o Comité, xunto cos traballadores, viaxou a Santiago e reuniuse no Parlamento cos grupos que escoitaron as demandas no relativo á esixencia de viabilidade e mantemento do emprego en Poligal-Narón.



O Comité demanda unha reunión coa Xunta

Ademais, está pedida e pendente unha reunión co presidente da Xunta e co conselleiro de Economía, Emprego e Industria co obxecto de demandar que se involucren nesta loita por salvagardar o futuro de 114 familias na xa moi castigada comarca de Ferrolterra.

O xoves esta mesma petición foi trasladada ao Pleno do Concello de Narón e hoxe está a ter lugar unha xun-

tanza na Delegación do Goberno.

A partir de aquí, os traballadores continúan estudando elaborar un calendario de mobilizacións para demandar a continuidade da factoría e os seus postos de traballo.

UGT-FICA-Ferrol tamén denuncia, neste contexto, que, mentres o Sindicato viña denunciando o proceso de descapitalización que, de seguro, conduciría ao peche, as administracións estiveron mirando cara outro lado.

OS TRABALLADORES DE AMBULANCIAS RETOMAN A SEMANA QUE VEN A FOLGA

Redacción.- Continuando coa folga de ruta marcada no calendario de mobilizacións acordado, os traballadores de ambulancias retomarán a folga a vindeira semana, do 4 ao 10, que pasará a ser indefinida a partir do día 20 de marzo se non se soluciona o conflito.

Ata o momento, e despois de varias xornadas de folga e mobilizacións cun seguimento masivo en ambos casos, convocáronse varias xuntanzas coas partes implicadas, Administración galega e empresas, sen resultados en ningún dos casos.

Óscar Vázquez, de FeSP-UGT-Galicia, explicou que a este punto chegouse ante o bloqueo da nego-

ciación do convenio colectivo, as ameazas da patronal e a propia responsabilidade da Consellería de Sanidade nesta situación.

Na última xuntanza mantida coa patronal, antes das mobilizacións, na mesa de negociación do convenio, esta retrocede nas súas propostas e pon enriba da mesa un recorte salarial do 10%, a renuncia ao contrato do 061, a posibilidade de que algunha empresa entre en suspensión de pagos e que non aseguran as nóminas a partir de marzo.

FeSP non entende este repentino cambio de actitude que bota por terra os



avances previos doutras xuntanzas. Isto conduciu ao bloqueo da negociación e obrigou aos sindicatos a propoñerlle aos traballadores a convocatoria da folga. FeSP corresponsabiliza desta situación á Xunta que foi quen outorgou as concesións ás empresas, as que agora se queixan de que os orzamentos non chegan para cubrir custos salariais.

GALICIA É DISCRIMINADA NA CREACIÓN DE ÓRGANOS XUDICIAIS

Redacción.- FeSP-Xustiza xa denunciou o colapso dos xulgados do social no ano 2017 e que a Consellería de Xustiza desatendía as peticións do Consello Xeral do Poder Xudicial e non dotaba de recursos.

No ano 2019 está prevista a creación de 75 novos órganos xudiciais en toda España. Nunha repartición proporcional por comunidades autónomas a Galicia corresponderíanlle polo menos catro xulgados, con todo o Goberno só concede dous: un Xulgado do social en Vigo e un Xulgado de primeira instancia na Coruña, aínda que agora parece que está no aire a posible creación doutro en Santiago.

A proposta do Goberno está mesmo por baixo da acordada pola Comisión permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial na súa reunión do 14 de febreiro, na que se solicitaba a creación de 3 novos xulgados.

A xurisdición social en Santiago (pendente da decisión final) e en Lugo, xunto cos xulgados de primeira instancia e instrución de Vilagarcía de Arousa son os pre-

xudicados pola discriminación que o Goberno realiza con Galicia, xa que é onde existen as necesidades máis perentorias debido á carga de traballo e ao atraso que soportan.

Os informes do servizo de inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial dos dous últimos anos deixan claro que resulta imprescindible a creación do cuarto Xulgado do Social en Santiago e en Lugo, e do cuarto Xulgado de primeira instancia e instrución en Vilagarcía.

Pero a Xunta de Galicia tamén ten culpa en todo o que está a ocorrer e para mostra un botón: desde hai máis de dous anos os Xulgados do social de Santiago de Compostela e Lugo están reforzados con xuíces de adscrición territorial de apoio nomeados polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Cando foron nomeados o servizo de inspección do Consello requiriu por escrito á Xunta para que designase funcionarios para auxiliar a estes xuíces, con todo a Dirección Xeral de Xustiza



nunca o fixo. Estes feitos foron denunciados por UGT ante a Dirección Xeral de xustiza mediante escritos presentados (26-6-2017 e reiterado 18-9-17), facendo caso omiso a Xunta de Galicia. Ademais, o Xulgado do social núm. 3 de Santiago foi creado con dous funcionarios menos de persoal pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Así que o conselleiro Alfonso Rueda tamén debería cumprir coa súa responsabilidade e facer os deberes que lle corresponden, como son os de dotar de medios aos órganos xudiciais de Galicia.

PEPE ÁLVAREZ AVOGA POLO DIÁLOGO SOCIAL PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou na presentación do Consello de Desenvolvemento Sustentable, un órgano consultivo formado por organizacións da sociedade civil.

O Consello, adscrito ao Alto Comisionado para a Axenda 2030 da ONU, ten como finalidade que as organizacións do ámbito civil dean a coñecer as súas opinións e suxestións para conseguir os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).

Pepe Álvarez resaltou o positivo compromiso do Goberno de Pedro Sánchez coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e a Axenda 2030 da ONU e a creación deste Consello de Desenvolvemento Sustentable.

Álvarez sinalou que a Axenda 2030 é moi transversal e por iso "debe contar cunha presenza destacada das organizacións sindicais". Nese sentido, explicou que, a semana próxima constituirase un grupo interno para a coordinación do traballo sindical ao redor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, unha materia es-

treitamente vinculada co traballo sindical.

O secretario xeral de UGT insistiu na importancia do diálogo social para conseguir unha transición xusta e en que é necesario aprobar, de forma inaprazable, "verdadeiros límites ás violacións que, en moitas ocasións, executan as empresas nas súas cadeas globais".

"A situación de desigualdade global debe atacarse mediante decisións políticas concretas que supoñan un cambio de rumbo xa que acordos como o CETA ou o JEFTA –acordos feitos a medida das empresas- contradin case a totalidade dos ODS".

Pepe Álvarez subliñou que "unha das principais preocupacións dos sindicatos é a promoción do traballo decente" e, nese contexto, dixo, "imos seguir traballando tanto no plano nacional como no marco da CES e a CSI, loitando, entre outras cousas, para garantir a implementación dos dereitos laborais, reforzar o diálogo social como medio de implementación da Axenda 2030 e implementar Plans Nacionais de Transición Xusta, empoderar aos gobernos locais



para implementar medidas xustas de transición, garantir servizos públicos alcanzables e de calidade, implementar sistemas tributarios progresivos capaces de apoiar o financiamento de servizos públicos, garantir a responsabilidade empresarial e a transparencia nos investimentos, abordar os problemas asociados coas finanzas off-shore e os paraísos fiscais, incluíndo cláusulas laborais e ambientais en todas as compras públicas e a transparencia e divulgación dos contratos públicos.

"Esperamos que a participación neste Consello de Desenvolvemento Sustentable sexa verdadeiramente efectiva e non se limite unicamente á transferencia de información por parte do Goberno", finalizou.

PREMIOS 8 MARZO: SECCIÓN SINDICAL CENTRO COMETA, ROGELIA MARIÑA, PALOMA VAQUERO E O IES MIGUEL FERNÁNDEZ MELILLA

Redacción.- O vindeiro luns, 4 de marzo, a partir das 11.00 horas, a Unión Xeral de Traballadores celebrará a XXIV Edición dos Premios “8 de marzo” 2019 no Salón de Actos da súa sede en Avenida de América 25.

Nesta edición e, tras analizar todas as propostas recibidas, o Xurado acordou outorgar estes Premios a:

Premio ao traballo sindical á Sección Sindical no Centro Cometa; Premio á traectoria sindical a Rogelia Mariña e Paloma Vaquero, como recoñecemento ao seu traballo sindical, enfocado á consecución dun modelo de sociedade progresista; e o Premio ao compromiso social ao Instituto de Educación Secundaria, Miguel Fernández Melilla.

Rogelia Mariña, traballadora e sindicalista en Sargadelos onde, despois de 44 anos e tras ser mesmo proposta para for-

mar parte do Consello de Administración, foi vítima dunha persecución sindical por parte do administrador único da empresa polo mero feito de defender os dereitos laborais dos seus compañeiros.

Os problemas para Rogelia comezaron con Segismundo García, que non acepta que se xestionen as relacións laborais con criterios e principios propios dunha sociedade libre e democrática. Rogelia, que era a presidenta do Comité de Empresa, convértese no centro das prácticas anacrónicas e persecutorias do dono de Sargadelos e despois dunha campaña contra ela na que houbo coaccións e ameazas para que os seus compañeiros a revogasen como representante sindical, é despedida por reivindicar o cumprimento do convenio colectivo en todos os seus termos e condicións. O despedimento foi considerado nulo



polo Xulgado do social e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Rogelia Mariña foi vítima dun dos ataques máis descarados á liberdade sindical dos últimos anos, pero mantívose firme. É todo un exemplo de sindicalismo a pé de empresa, da loita diaria e continua polo futuro dos postos de traballo dunha empresa que ademais sufriu serias dificultades económicas. Tras 30 anos de loita sindical, parte da historia deste sindicato.

HAI QUE ANTICIPARSE AOS EFECTOS LABORAIS E SOCIAIS DA DIXITALIZACIÓN

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, manifestou que “hai que anticiparse aos efectos laborais e sociais da dixitalización” e “hai que garantir que os beneficios da aplicación tecnolóxica proxéctense a toda a sociedade, baixo os criterios de equilibrio e xustiza social”. Para iso, necesitamos afianzar un novo contrato social que incida no emprego de calidade, o cambio de modelo produtivo, unha distribución da renda máis xusta, reequilibrar a negociación colectiva e unha mellor redistribución, tanto pola vía dos ingresos como pola de gastos.

Pino fixo estas declaracións na clausura da Xornada “Estratexia dixital para profesionais, directivos, técnicos e cadros”, organizada pola Unión de Técnicos e Cadros de UGT e Telefónica.

Así mesmo, participaron neste acto o presidente de Telefónica, José María Álvarez Pallete; o Director Mundial dos centros de I+D+i de ArcelorMittal, Nicolás de Abajo; o Presidente de Eurocadres, Martin Jeffén; o Presidente da Fundación España Dixital, Fernando Davara; a Directora Xeral de Google España e Portugal, Fuencisla Clemares; a Presidenta de Unión Profesional, Vitoria Ortega e a Secretaria de Estado de Comercio, Xiana Méndez.

A dixitalización non debe significar explotación

Gonzalo Pino precisou que “as mellores ou peores condicións de traballo non dependen da utilización das tecnoloxías senón das políticas de emprego e protección social que se queiran implementar e que a dixitalización non debe significar explotación”.

Para asegurar un futuro de traballo digno hai que actuar, en primeiro lugar, sobre a normativa e é que “a incorporación de España á era dixital require unha mellora substancial das condicións laborais. Non poderemos ter unha economía potente, con expectativa de futuro, nun marco laboral degradado e decimonónico, como o que favoreceu a reforma laboral”- dixo. Por tanto, “é urxente que os salarios e os dereitos laborais recupérense e ampliense e que a economía sexa capaz de xerar empregos de calidade”.

Sinalou que, para que ninguén quede atrás, os poderes públicos deben garantir unha protección social suficiente e adecuada. Así mesmo, apelou ao consenso e ao diálogo social para que o proceso de dixitalización sexa inclusivo e beneficie a todos.

O secretario de Política sindical resaltou o importante valor da negociación colectiva para garantir os dereitos laborais e a protección dos traballadores e a necesidade de garantir

as competencias dixitais dos traballadores, con formación no posto de traballo, pero tamén na educación regrada, e a través das políticas activas. Demandou ampliar os dereitos dixitais (pois a norma só recolle o dereito á intimidade e á desconexión), garantir a seguridade e saúde dos traballadores (vixiando os riscos psicosociais asociados á utilización das novas tecnoloxías), etc.

Trátase, en definitiva, de que a sociedade sexa partícipe, no seu conxunto, dos beneficios desta nova revolución dixital.

Hai que potenciar a participación das mulleres no mundo tecnolóxico

Pola súa banda, a coordinadora da Unión de Técnicos e Cadros de UGT, Paula Ruiz, falou sobre a fenda dixital entre mulleres e homes. Denunciou a escasa presenza das mulleres en carreiras e disciplinas científicas (a pesar de que un 58% das persoas que acceden a carreiras universitarias son mulleres, só un 8% matricúlense en carreiras tecnolóxicas e só un 0,6% delas terminanas).

Unha infrarrepresentación das mulleres que hai que combater e que a propia OCDE di que ten un custo de 16.100 millóns de euros anuais en produtividade en Europa.